






FAUNA



Barbantesa




INSECTOS

De toda a fauna invertebrada que habita en Monte Aloia destacan polo seu número os insectos e, dentro deste gran grupo, pola súa importancia e representación, os escaravellos ou coleópteros, as libélulas ou odonatos e as bolboretas ou lepidópteros.

Coleópteros. Nas masas de frondosas vive a vacaloura (*Lucanus cervus*) e o escaravello capricornio (*Cerambyx cerdo*). Outros coleópteros teñen unhas condicións de vida ligadas ao chan, son os coleópteros edáficos e epiedáficos.

Destaca a presenza de 11 especies endémicas de distribución lusitánica como *Carabus lineatus lateralis*, *Liestus oopterus* ou *Petrophilus brevipennis*. Outras especies foron citadas poucas veces tras a súa descrición (*Tetramelus parvus*, *Mayetia moscosoensis*...).



Vacaloura

Lepidópteros. Están catalogadas 58 especies de bolboretas diurnas. Entre as máis vistosas, aínda que comúns, están a *Iphiclides feisthamelii*, a macaón (*Papilio machaon*) e a pavón (*Inachis io*). Outras son escasas en Galicia como as ninfas do bosque (*Limenitis camilla*, *Limenitis reducta*) ou moi raras como *Plebejus argus*.




Iphiclides feisthamelii



Apareamento de Pyrrhosoma nymphula

Odonatos. A abundancia de hábitats acuáticos como ríos, regatos, pozas, zonas asolagadas..., determina a presenza de gran cantidade de especies deste grupo de insectos. En ríos e outras augas correntes aparecen con frecuencia *Calopteryx virgo* e *Boyeria irene*, mentres que en augas estancadas se observan pequenos cabaliños como *Pyrhosoma nymphula* e a meirande de todas as especies presentes, *Anax imperator*. Destaca a presenza de *Coenagrion mercuriale* e *Oxygastra curtisii*, especies de alto valor, protexidas en Europa. *Coenagrion mercuriale* ten como hábitat no parque pequenos cursos de corrente lenta, ao igual que pozas e charcas estacionais.





Coenagrion puella



Orthetrum coerulescens



Calopteryx virgo







Apareamento de vacaloura



Vacaloura macho



HERPETOFAUNA: anfibios e réptiles.

Monte Aloia está catalogado como zona de interese herpetolóxico dentro do territorio español, sendo área de interese para as especies de anfibios e réptiles, que son o grupo faunístico máis destacado deste parque natural.

Anfibios

Hábitats.- O parque reúne no seu conxunto as características necesarias para albergar unha importante comunidade de anfibios: diversidade de hábitats, moderadas variacións de temperatura, choivas abondosas e inexistencia de seca estival.



Sapo corredor

Medios acuáticos

Os ríos, arroyos e regatos son habitados por gran número de anfibios, pero tamén existen outros hábitats acuáticos de diferentes características moi importantes para a vida dalgúns destes animais, concretamente para as especies que non están tan ligadas a estes cursos de augas permanentes. Un exemplo destes hábitats son aqueles lugares onde a auga se encora únicamente durante un período de tempo, enchoupamentos de carácter temporal ou estacional que se forman nalgunhas das zonas máis elevadas do parque.

Ademais, existen espallados por toda a superficie do Aloia enclaves artificiais nos que a auga permanece durante todo o ano: construcións feitas polo home como canalizacións, fontes, pilóns e pozas. Nestes lugares viven diferentes especies de anfibios, algunhas delas endémicas.





Medios forestais, mato e medio rural

Aínda que todas as especies de anfibios están ligadas á auga, algunhas delas dependen en menor medida deste elemento; son especies que habitan no medio forestal, nos campos de cultivo ou nas matagueiras, lugares onde atopan alimento e refuxio, permanecendo neles a meirande parte do ano. Na época de reprodución desprázanse cara as zonas con auga, onde se aparean ou poñen os ovos.





Especies.- Os anfibios representan un bo exemplo do cambio experimentado no Aloia durante os últimos cen anos. Debido a que este monte era un pedregal, daquela habitaban poucas especies. Hoxe en día no parque natural están presentes 11 das 14 especies catalogadas dentro do territorio galego: 4 de urodelos ou anfibios con cola e 7 de anuros ou anfibios sen cola. Ademais de ser numerosos, entre eles sobresaen especies de gran valor ecolóxico.

O tritón común (*Triturus boscai*) e o tritón marmorado (*Triturus marmoratus*) habitan nas augas estancadas, e é posible observalos en pequenos enclaves formando grandes concentracións durante a época de reprodución. Nestes lugares cohabitan con outras especies de urodelos, como a píntega (*Salamandra salamandra*) -que tamén acode a estes hábitats para reproducirse-, e con anuros como a ra verde (*Rana perezi*) ou a ra patilonga (*Rana iberica*), especie endémica do noroeste peninsular.





Os sapos están representados por tres especies: o sapo común (*Bufo bufo*), o corredor (*Bufo calamita*) e o parteiro (*Alytes obstetricans*). A súa localización e observación é máis complicada ao seren especies de costumes nocturnas e máis terrestres que acuáticos.

Outros endemismos presentes no parque son o sapo pinto (*Discoglossus galganoi*), endemismo ibérico exclusivo da franxa occidental peninsular, e a salamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), anfibio con distribución mundial reducida a Galicia, Asturias e norte de Portugal; especialmente abundante nalgúns cursos fluviais.

**Salamántiga
rabilonga**

Auténtico tesouro e única especie do seu xénero. Para vivir necesita augas limpas e boa cobertura de vexetación ribeireña, con raíces, pedras e plantas onde refuxiarse.

Salamántiga rabilonga



Píntega



Tritón común



Tritón marmorado



Ra patilonga



Ra verde



Sapo pinto

Sapo común



Sapo parteiro



Sapo corredor





RÉPTILES

Hábitats.- A maioría dos réptiles que habitan no parque fano en lugares rochosos, con mato e vexetación arbustiva. Estes afloramentos graníticos son abundantes favorecendo, polo tanto, a presenza dun bo número de especies e exemplares. Non embargante, unhas poucas escollen como hábitats lugares húmidos con vexetación; son réptiles con preferencia polos ecosistemas acuáticos.

Especies.- Un total de quince especies de réptiles viven no parque natural. Destas, oito especies pertencen á orde dos saurios ou lagartos, e á familia dos lacértidos. As sete especies restantes son serpes ou ofidios, neste caso incluídas en dúas familias: colúbridos e vipéridos.

Lagartos e lagartas

O maior dos saurios presentes é o lagarto arnal (*Lacerta lepida*), moi abondoso e fácilmente recoñecible, tanto polo seu tamaño como polos ocelos azuis que se distribúen ao longo do seu corpo verde. Outro é o lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*), que presenta unha distribución mundial moi reducida. Localízase habitualmente perto de arroyos e ríos, preferentemente nas matas de silveiras.





Lagarto das silveiras

Para vivir prefire zonas con alto grado de humidade, polo que se atopa perto dos cursos de auga. Na época de celo o macho luce unha intensa cor azul na cabeza.

As lagartas son os saurios de menor tamaño do parque. A lagarta galega ou lagarta de bocage (*Podarcis bocagei*) é unha especie endémica con distribución reducida ao noroeste da Península Ibérica. Tanto ésta especie como a lagarta dos penedos (*Podarcis hispanica*) son moi abundantes e fácilmente observables cando toman o sol.

O escáncer común (*Anguis fragilis*) e os escáncer de patas (*Chalcides bedriagai* e *C. striatus*) son lagartos con aspecto semellante ao das serpes. Obsérvanse con máis dificultade que as lagartas e, cando son localizados, agóchanse rápidamente entre a follasca do chan.



Serpes

Sete especies de ofidios viven no Aloia. A maioría atópanse en zonas de mato e foxen ao menor indicio de presenza humana. A máis grande de todas elas é a cobra rateira (*Malpolon monspessulanus*), cun tamaño que pode acadar os dous metros de lonxitude; moitas veces descubrímola polas “mudas” ou “camisas” que quedan retidas entre a vexetación. A cobra de escada (*Elaphe scalaris*) ou as inofensivas cobras lisas (*Coronella girondica* e *Coronella austriaca*) son especies de vistoso deseño, pero de comportamento discreto.



Cobra lisa meridional



As cobras de auga (*Natrix maura* e *Natrix natrix*) son abondosas en calquera asolagamento ou regato, aínda que tamén é posible atopalas en zonas próximas, preferentemente soleadas e con abundancia de mato e rochas, onde se poden agochar. O lugar máis adecuado para observar ambas as especies é o medio acuático, hábitat no que buscan o seu alimento preferido, anfibios e pequenos peixes. Estas dúas cobras toleran a presenza humana cando están na auga e por iso, nalgúnhas charcas do parque natural, obsérvanse sen dificultade nos meses máis calurosos do ano.

A víbora de Seoane (*Vipera seoanei*) é a única especie representante da familia Viperidae. Dos ofidios aquí presentes é a única especie que podería resultar perigosa para o ser humano, mais súa presenza é rara.



Cobra de auga



Debido á importancia da herpetofauna, no Parque Natural Monte Aloia adoptáronse unha serie de medidas encamiñadas á súa conservación. Unha delas consiste en sinalizar os lugares de paso destes animais nun tramo da principal vía de acceso ao parque. O obxectivo desta sinalización é evitar que sexan atropelados, sobre todo na época reproductora, momento no que os seus desprazamentos son masivos.



Cobra de escada



Cobra de colar




Muda de cobra nateira





PEIXES

A ictiofauna está representada por dúas especies. A troita (*Salmo trutta fario*) remonta os cauces de maior entidade chegando até as pozas de Cabana, lugar onde tamén se atopa a outra especie, a bermelliña (*Chondrostoma arcasii*), que é un endemismo ibérico. Este pequeno peixe da familia dos ciprínidos é abundante nos ríos máis caudalosos, pero a maior poboación se atopa nestas pozas, onde a súa observación está garantida.





AVES

A avifauna do Aloia está constituída por, aproximadamente, oitenta especies. As aves ocupan todos os hábitats presentes no parque, aínda que debido a que a meirande parte da súa superficie está arborada, dominan as especies forestais. Dentro desta comunidade de aves



destacan os páridos pola súa abundancia e diversidade. Estes passeriformes poden observarse en bandos multiespecíficos formados por exemplares de ferririños reais, negros e cristados. Outros passeriformes de fácil observación son os tordos, pimpíns, verderolos, xiríns, cardeais e gabeadores.



Gabeador



Nos piñeirais mixtos habitan algunhas especies moi esquivas. O cruzabico (*Loxia curvirostra*) é un ave invernate

que está presente únicamente nas zonas máis altas do parque. Os paxaros carpinteiros pola contra ocupan amplas áreas, pero a súa observación é tamén difícil. Moitas veces detéctase a súa presenza polo característico son que fan ao furar co peteiro nos troncos das árbores. No Aloia viven dúas especies: o peto real (*Dendrocopus major*) e o peto verde (*Picus viridis*).



Peto verde

Nos medios acuáticos e ribeireños destacan o picapeixe (*Alcedo atthis*) e a lavandeira real (*Motacilla cinerea*).



Picapeixe

O merlo azul (*Monticola solitarius*), o chasco (*Saxicola torquata*), cotovías e outras pequenas aves terrestres como a pica dos prados (*Bisbita campestris*), habitan nas zonas abertas con vexetación herbácea ou de matagueira e abundantes penedos. A avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*) ocupa zonas cercanas de arborado disperso.

Aves rapaces. O miñado (*Buteo buteo*) é a rapaz máis abundante e fácil de localizar. Pola contra, gabián (*Accipiter nisus*) e azor (*Accipiter gentilis*) son de difícil observación debido ao hábitat que ocupan, principalmente zonas boscosas moi densas e pechas. O falcón peregrino (*Falco peregrinus*) penetra no territorio do parque natural dende unha área de cría próxima. Na época estival, ocasionalmente pódese observar o miñado abelleiro (*Pernis apivorus*) e a águia cobreira (*Circaetus gallicus*) na parte occidental do parque; preto dos núcleos rurais do norte ten o seu territorio o cernícalo vulgar (*Falco tinnunculus*).



Miñado

A avelaiona (*Strix aluco*) é a rapaz nocturna forestal máis abundante; pódese escoitar con frecuencia nas noites do inverno. Moi preto dos núcleos rurais habitan curuxas, mouchos e mouchos pequenos.



Verderolo



Pimpín



Ferreiriño real



Ferreiriño negro



Paporubio





MAMÍFEROS

Está confirmada a presenza de vinte especies de mamíferos, aínda que se considera que o número é superior. Entre estes compre salientar a presenza do rato de almizcre (*Galemys pyrenaicus*), do armiño (*Mustela erminea*), a rata de auga (*Arvicola sapidus*) e a lontra (*Lutra lutra*), por estar incluídos no “Catálogo Galego de Especies Ameazadas”.

De todos os mamíferos, xeralmente os máis descoñecidos son os **quirópteros**, entre os que cabe destacar o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*), morcego pequeno de ferradura (*R. hipposideros*), e o morcego anano (*Pipistrellus pipistrellus*).

Roedores e **insectívoros** son moi abundantes. Os roedores máis profusos son o esquío (*Sciurus vulgaris*), o rato de campo (*Apodemus silvaticus*) e o topiño agreste (*Microtus sp.*). Entre os insectívoros cabe subliñar o furaño común (*Crocidura russula*) e o furafollas ibérico (*Sorex granarius*), ambos moi pequenos, ademais do murgañón de Cabrera (*Neomys anomalus*) e a toupa ibérica (*Talpa occidentalis*). O ourizo europeo (*Erinaceus europaeus*) é o insectívoro máis coñecido e o de maior tamaño.

A presenza de **lagomorfos** redúcese a unha especie, o coello (*Oryctolagus cuniculus*), que aproveita as praderías das zonas máis altas do parque.



Ungulados.- Dúas especies de ungulados viven actualmente no Parque Natural Monte Aloia. O xabarín (*Sus scrofa*) é o máis abondoso; a outra especie é o corzo (*Capreolus capreolus*), de recente aparición e cunha poboación polo de agora reducida.

Carnívoros.- Este grupo está representado por especies como o teixugo (*Meles meles*), a algaria (*Genetta genetta*), o raposo (*Vulpes vulpes*), a garduña (*Martes foina*) e a donicela (*Mustela nivalis*). Ademais a lontra (*Lutra lutra*) emprega o cauce de ríos dentro do parque como área de campeo. En réxime de semiliberdade, son frecuentes os cabalos salvaxes.



Algaria



Xabarin



Pegadas de teixugo



Morcego anano





Toupa



Ourizo



Coello